


CLASIFICACIÓN CLIMÁTICA DO PLANETA



Climas cálidos:

- Ecuatorial
- Tropical Chuvioso
- Tropical Seco
- Desértico

Climas Templados:

- Subtropical (Chinés)
- Mediterráneo
- Oceánico
- Continental

Climas fríos:

- Polar
- Alta montaña

ZONA CÁLIDA

Danse arredor do **Ecuador**, entre o **Trópico de Cáncer** ao norte e o **Trópico de Capricornio** ao sur.
É a zona da Terra que recibe máis insolación, polo que ten elevadas temperaturas: o mes máis frío é superior aos 18º.

Tipos de climas:	Ecuatorial	Tropical chuvioso	Tropical seco	Desértico
Localización	Ao redor do Ecuador.	A medida que nos afastamos do Ecuador, cara ao norte e ao sur.	A medida que nos afastamos máis do Ecuador, no interior dos continentes.	En torno aos trópicos, nas fachadas dos continentes bañadas por correntes mariñas frías ou en zonas interiores.
Temperatura	Cálidas todo o ano. T. media >25°C. Amplitude térmica baixa.	Elevadas todo o ano (>20°C) e regulares, aínda que cunha maior amplitude térmica có ecuatorial.	Suaves en inverno e cálidas en verán. T. media >18°C. Máis amplitude térmica có ecuatorial e có tropical chuvioso.	T. media elevada (>21°C). Oscilación térmica diaria (diferenza entre días cálidos e noites frías) elevada.
Precipitación	Moi abondosas todo o ano.	As precipitacións diminúen a medida que nos afastamos do Ecuador, marcando dúas estacións: a seca e a húmida.	A estación seca dura mais. As chuvias son moito máis escasas.	Moi escasas, case inexistentes. Moita aridez. Cando chove, faino en forma de tormentas.
Vexetación	Selva ou xungla: bosque moi denso con gran variedade de especies.	Bosque tropical, moi semellante á selva pero menos mesta.	Sabana con herbas baixas e plantas xerófilas: matogueiras preparadas para afrontar a aridez.	Pouca vexetación: plantas xerófilas, como os cactus. Nos oasis acumúlase máis vexetación.
Ríos	Moi caudalosos e regulares.	Crecidas en verán e estiaxes (sequía) en inverno.	Pouco caudalosos e irregulares.	Non hai ríos, senón uadis: canles secas por onde corre a auga cando hai unha tormenta.

Poboación	En América e África, hai moi pouca densidade de poboación. En Asia existe unha alta densidade de poboación que vive das plantacións de arroz e té.	Moi pouca densidade. Os pobos indíxenas viven da agricultura primitiva do pastoreo. Desenvólvese a agricultura de plantación de produtos que se consumen a nivel mundial (cacao, café, azucre...) polas compañías multinacionais.	Pouca densidade, que vive da agricultura e do pastoreo.	Moi pouca: concéntrase nos oasis ou en grupos de pastores nómades de cabras e camelos.
------------------	--	---	---	--

ZONA TEMPERADA

Dáse entre os trópicos e as zonas polares en ámbolos dous hemisferios. Os distintos factores que inciden nos elementos meteorolóxicos (latitude, altitude, distancia ao mar, correntes mariñas...) diferencian os climas temperados.

Tipos de climas:	Subtropical (chinés)	Mediterráneo	Oceánico	Continental
Localización	Entre os 20º-35º de latitude, tanto norte como sur, nas fachadas orientais dos continentes.	Entre os 30º-45º de latitude, tanto norte como sur, na fachada occidental dos continentes.	Entre os 35º-60º de latitude, norte e sur, e nas costas occidentais dos continentes.	Latitudes medias (35º-55º) do interior dos grandes continentes (Asia e América). Por iso só se dá no Hemisferio Norte.
Temperatura	Cálidas en verán e suaves en inverno. Amplitude térmica anual duns 15ºC.	Veráns cálidos e invernos temperados. Amplitude térmica duns 10º-15ºC.	Os invernos son moderados e os veráns frescos, pois a acción do mar fai que a amplitude térmica sexa pequena. T.Medía 15 ºC	Temperaturas extremas: os invernos son moi fríos (>0 ºC) e os veráns poden chegar a ser calorosos. Isto débese a gran distancia o mar.
Precipitación	Abondosas todo o ano, aínda que se maiores no verán.	Moderadas ou escasas, concentradas na primavera e outono, e poden ser de forma torrencial (Gota Fría). Destaca a aridez do verán.	Chove todo ano, aínda que en verán diminúen as precipitacións.	Escasas todo o ano. A época máis chuviosa é o verán.
Vexetación	Variada: bosque subtropical con vexetación abondosa e especies tropicais, como os bambús.	Bosque mediterráneo e plantas xerófilas, adaptadas á aridez estival.	Bosque caducifolio con carballos, castiñeiros... Landa: matogueiras como o toxo. Prados.	Ao norte, onde os veráns son máis fríos: bosque boreal con abetos, piñeiros... Máis ao sur, onde os veráns son máis cálidos: estepas, grandes chairas con herba baixa.

Ríos	Caudalosos regulares.	Caudal escaso e irregular. En verán levan moi pouca auga. Cando hai tormentas poden provocar inundación.	Caudal abundoso e bastante regular debido ás constantes chuvias.	A pesares de que chove pouco, son caudalosos xa que recollen a auga das extensas zonas chás por onde circulan.
Poboación	Moi abundante (lugares máis densamente poboados do mundo).	Densamente poboados. Terras moi fértiles para a agricultura: trilogía mediterránea de trigo, vide e oliveira.	A zona oceánica europea está densamente poboada. En América, tanto norte como sur, son zonas pouco poboadas.	Non moi densamente poboadas. Solos bos para o desenvolvemento da gandaría e o cultivo de cereais.

ZONA FRÍA

O clima frío dáse nos casquetes polares (ao norte do Círculo Polar Ártico e ao sur do Círculo Polar Antártico), e nas zonas de montaña.

Tipos de climas:	Polar	Montaña
Localización	Sitúase nos casquetes polares.	Montañas con máis de 2.500 m de altitude, calquera que sexa a súa latitude.
Temperatura	Son moi baixas. T. media case todos os meses por baixo dos 0 °C. A amplitude térmica anual é grande.	Invernos fríos e longos, con temperaturas negativas, e veráns frescos e curtos.
Precipitación	Case inexistentes (desertos fríos).	Abondosas todo o ano, pero dependen da altitude e da ladeira. Chove máis na ladeira de barlovento que na de sotavento.
Vexetación	Case inexistente: liques, mofos e pequenas plantas herbáceas.	Disponse en "pisos" en función da altitude, sucedéndose os bosques, as matogueiras e os prados.
Ríos	Non hai ríos. O que atopamos son glaciares.	Moi caudalosos, con moita auga na primavera polo desxeo.
Poboación	Moi poucos habitantes: pequenas tribos, científicos e exploradores.	Escasa. Aproveítanse para a extracción de madeira, pastos para a gandaría, actividades turísticas como os deportes de neve, o sendeirismo...